

ILUSIÓH!N

PRIMAVERA 2017

Unha programación heteroxénea que agardamos que vos resulte atractiva e que esta tempada concéntrase nunha fin de semana.

Propostas que buscando chegar a algo máis **que o “máis difícil aínda”** con novas linguaxes escénicas, inciden nas expresións artísticas do novo circo, baseado na incorporación das novas estéticas e o cruzamento de disciplinas provenientes do teatro, a danza e a música, que refrescaron e revitalizaron a escena actual.

Espectáculos con características propias como a tenrura, a acrobacia, o poder do visual, un concepto teatral do argumento, unha particular linguaxe estética e un tratamento plástico do espazo.

Agardamos deixaros coa boca aberta!

Vémonos no teatro!

VENDA DE ENTRADAS

Entradas: 9,00€ (carné xove, +65 anos e persoas desempregadas: 8,00€)

Abono para os tres espectáculos 21€ €

Menores 3 anos 2€ €

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres (agás festivos)

de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

DESPACHO DE BILLETES DO CENTRO ÁGORA

Aberto só os días de función desde unha hora antes

(só se quedan entradas dispoñibles)

TELEVENDA: 902 044 226

(Luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h

e domingos de 16.00 a 21.00 h)

www.ticketea.com

PRÉGASE PUNTUALIDADE. UNHA VEZ COMEZADO O ESPECTÁCULO NON SE PERMITIRÁ O ACESO Á SALA

ILUSIÓH!N

PRIMAVERA DE 2017
ESPECTÁCULOS NADOS DA FUSIÓN DE DISTINTAS DISCIPLINAS ARTÍSTICAS



+ info www.coruna.es/cultura

Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



ILUSIÓH!N

ILUSIÓH!N

PRIMAVERA 2017

ESPECTÁCULOS NADOS
DA FUSIÓN DE DISTINTAS
DISCIPLINAS ARTÍSTICAS

ÁGORA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



LULLABY

VENRES
3
MARZO
20.00 h

DE GODOT

Lullaby é un espectáculo dinámico, coa participación directa do público, nunha performance cómica e provocadora que abre espazo ao xogo de improvisación entre un pallaso transgresor e o espectador. Nesta aventura, partimos todos en busca da risa, da complicidade e da emoción, embarcando nun ambiente poético, alimentado pola música en directo, rumbo a un novo mundo de imaxinación. Unha revelación no universo do clown en Portugal.

“Os que non cren na maxia xamais a atoparán”.

Una Creación Imaginarius 2015.

Premio Revelación Imaginarius 2015 Premio OFF CIRCADA 2015, Sevilla.

RUI PAIXAO - Creador e Intérprete de LULLABY

- acaba de ser seleccionado no último cásting de Cirque du Soleil para ser un dos artistas participantes nalgunha das futuras producións da compañía.



VÍDEO PRESENTACIÓN



MÓBIL

SÁBADO
4
MARZO
19.00 h

DE LA GÜASA TEATRO CIRCO

Mestura de fragilidade, desequilibrio e tensión, esta é a historia dun home sinxelo que vén mostrar e compartir o seu último gran enxeño. Unha máquina complexa realizada nun 90% con materiais reciclados, chea de diferentes mecanismos que reaccionan en cadea e que xeran diferentes sons e ritmos que crean un ambiente de expectación entre o público, ademais de múltiples e diversas situacións en escena.

O interese polo ritmo, os malabares e o movemento, é a base e punto de partida deste traballo. Un espectáculo de circo-teatro de obxectos íntimo e sen texto onde o actor-malabarista desenvolve a especialidade de pelotas de bote, viaxando a través dun personaxe algo excéntrico, moi juguetón e tenro que, interactuando coa escenografía viva e activa que o mesmo inventou e construíu, e que pon á súa disposición os elementos cos cales fai malabares, introdúcenos nun mundo onde imaxinación, xogo e precisión van da man. Un mundo onde perderse segue sendo a mellor maneira de atoparse.

Dirección Pepa Gil

Intérprete: Jose Luis Ruiz (el Belga)

PREMIO FETEN 2014 MELLOR DIRECCIÓN

PREMIO ACA MELLOR ESPECTÁCULO INDIVIDUAL

PREMIO ACA MELLOR ESCENOGRAFÍA

NOMINACIÓN NOS III PREMIOS DE TEATRO ANDALUZ 2015:

- NOMINADO MELLOR ESPECTÁCULO DE CIRCO
- NOMINADO MELLOR ESCENOGRAFÍA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



SIN REMITE

DOMINGO
5
MARZO
19.00 h

DE KIKOLAS

Un espectáculo de circo teatro e humor xestual.

Un personaxe sen palabras, que esperta un aire de nostalgia.

Un xogo coa escena, os obxectos e o público.

Con esta premisa de xogo preséntase SEN REMITE que a través de técnicas como o teatro gestual, comedia slapstick ou diferentes gags visuais, introdúcenos no seu particular mundo e achéganos a un oficio que cada vez nos parece máis afastado. Utiliza variadas técnicas de circo, escaleira libre, manipulación de obxectos, malabares de rebote e unha infinidade de solucións para os conflitos que se expoñen, que lle levarán mesmo a introducirse dentro dun globo xigante. Inspirado no cómico francés Jacques Tati, e a súa curtametraxe L'Ecole du Facteurs (1947).

PREMIO DO XURADO - MILANO CLOWN FESTIVAL 2012

PREMIO MELLOR ESPECTÁCULO MALABHARIA 2013

PREMIO STUARTINI – MYAU 2015



VÍDEO PRESENTACIÓN

